

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
18/10/2010	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:30 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. José María Barja Pérez. Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D^a M^a Jesús Grela Barreiro. Vixerenta</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Luis F. Barral Losada D. José Felipe Fernández López D. Gael González Beira</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. José Manuel Vilariño Anca D^a Sonia Romero Teijo D. Xosé Lois Seixo Fernández</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D^a Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. José Carrillo Souto D. Juan del Valle Codesal</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Francisco Santiáñez Orero D. Enrique Ulloa Canalejo D. Antonio Couceiro Méndez</p> <p>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS D^a Yolanda Díaz Pérez</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p> <p>INVITADO D. Ángel Fernández Castro, Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDOS ADOPTADOS
- Apróbase a acta correspondente á sesión do Pleno do Consello Social de 10 de xuño de 2010.
- Apóbanse as contas anuais da Universidade da Coruña correspondentes ao exercicio económico 2009, ao abeiro do disposto no art. 4 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- Infórmase favorablemente, e ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, o Decreto 115/2010 do 8 de xullo polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011.
- Apróbase a delegación na Comisión Permanente de Supervisión de Actividades Universitarias a formulación de alegacións ao proxecto de Decreto que regula a autorización das ensinanzas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Fíxanse, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, as tarifas para o curso 2010/2011 dos cursos da Cátedra Jean Monnet da Universidade da Coruña. No Decreto 115/2010, do 8 de xullo (DOG 15 de xullo), polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011, establécese o prezo do crédito para ensinanzas renovadas, epígrafe B, que se aplicará a estes cursos.
- Apróbase a proposta de modificación dos prezos públicos do Servizo de Apoio a Investigación para o ano 2010, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- Apróbase a proposta de modificación de tarifas de aluguer das instalación deportivas da UDC ao abeiro do disposto no art. 3.2 d) do regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a asignación individual dos complementos autonómicos ao recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG do 28 de xuño e 1 de xullo de 2010.